

Ruando por Compostela

Roteiro literario

Euloxio R. Ruibal

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

O texto deste roteiro é froito da colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela en 2010

A súa xeorreferenciación na sección "O Territorio do Escritor/a" da web da AELG (www.aelg.org) foi posíbel grazas a un convenio coa Consellaría de Cultura e Turismo en 2011

asociación de escritores  **en lingua galega**



Parque de San Domingos de Bonaval. Lusco-fusco. Aquí nos fomos xuntando todos. Nin se sabe cantos. Estoupa no alto unha bomba de palenque. Silencio. Soa a música. Pausa. Respiramos aire purificado polas árbores da antiga horta conventual antes de comezar o percorrido. Unha voz profunda e potente dá a orde de partida cun verso de Fermín Bouza-Brey: “Amigos, compañeiros, en pé estamos...”

TODOS:

En pé estamos!

VOZ:

Avante!

Camiñamos. Á esquerda, fica o Museo do Pobo Galego, que garda e amosa o noso tesouro etnográfico; á dereita, o Centro Galego de Arte Contemporánea. No interior da igrexa gótica, na parte coñecida como Panteón de Galegos Ilustres, repousan os restos dalgúns dos nosos máis insignes devanceiros. Abonda con dicir os seus nomes: Rosalía, Brañas, Fontán, Cabanillas, Asorey, Castelao. Repetímolos todos nós, salmodiando a coro.

TODOS

Rosalía, Brañas, Fontán, Cabanillas, Asorey, Castelao...

Soñar Galicia soa aínda a pregaria.

Mais a zanfona colle protagonismo. Mentres baixamos amodo cara á Porta do Camiño, óuveuse polo raiante trobar ao vello xeito a Bernal de Bonaval:

Diss’a fremosa en Bonaval assí:

“Aí Deus, u é meu amigo d’aquí,
de Bonaval?

.....

Non hai aínda resposta. Seguimos. Ao pouco, unha sombra maneta xorde de Caramoniña e berra dende a rúa de Ramón del Valle-Inclán:

SOMBRA

O trasno as vexigas estoupou n’as vellas,
Fai a ronda o gato pol-o fío das tellas,
E camiña o tempo facendo súa rúa,
Por arcos de sol, por arcos de lúa.

TODOS

Por arcos de sol, por arcos de lúa.

Na Porta do Camiño, antes de entrar na cidade vella, paramos para escoitar un fragmento d’*A tecedeira de Bonaval* (1894), novela de López Ferreiro:

“Pois isto era o que andaba buscando Gonzalo pola Rúa de San Pedro naquela noite; isto era o que o facía andar rondando de arriba para abaixo, agardando á súa vítima. O seu plan era pispia-lo momento en que Rodrigo aparecese co seu farol pola porta da cidade e torcese para a rúa de Bonaval; botarse de carreira polo primeiro calexón da esquerda, atravesala rúa do Medio, saltar xunto á Cruz do Home Santo, parapetarse contra a casa da esquina, esperalo alí e espetarlle a espada ata o cabo. Dispois rispábase pola rúa do Medio, ata chegar á casa dun caseiro que tiña seu amo no Picho da Cerca.”

Case cen anos despois, Carlos Reigosa situou non moi lonxe de alí o crime da súa primeira novela:

“Un espacio aberto –unha praza quizabes– apareceu, insospeitada, diante del e, sobre a dereita, estreita e breve, a rúa da Oliveira, abismada ó pé do volumoso e granítico muro lateral dunha umbrosa e calada igrexa.”

Subimos por Casas Reais. Chegamos á praza de Salvador Parga e facemos un alto. Uns acordes musicais preceden á aparición dunha actriz caracterizada como Rosalía de Castro. Na Real Sociedad Económica de Amigos del País, sita nesta praza, e antes no Liceo de la Juventud, a nosa poeta maior estudou, comezou a escribir, interveu en veladas culturais e recreativas, en funcións teatrais... Coñeceu asemade a Murguía, Pondal e Aurelio Aguirre. A voz da actriz (que semella a doutra Rosalía, a Dans) chéganos cargada de tons líricos e harmoniosas saudades:

ACTRIZ

Roxiña cal sol dourado,
garrida cal fresca rosa,
iba pol-o monte hermosa,
c’o branco pé descalzado...
copo de neve pousado,
deslumbrando â luz do día,
tan branco pé parecía.

Música. Por unha ruela sen nome que hai ó fondo da praza, á esquerda, chegamos á Algalia de Abaixo, que cruzamos para subir pola rúa dos Truques até a Algalia de Arriba. Alí, ao pé da torre sen ameas, agárdanos Branca Novoneyra. Facemos roda en torno a ela; decontado se pon a recitar e bailar, bailar e recitar. Cando remata, únese ao cortexo, que colle pola rúa de San Miguel, pasa por diante da Casa Gótica (Museo das Peregrinacións) e desemboca na praza que tamén leva o nome do arcanxo. Fronte á igrexa, de fachada neoclásica, sitúanse xusto na entrada a unha ruela cega Helena Villar e Xesús Rábade. Recitan ao unísono, ollando imaxes “con resplandor ao fondo”.

HELENA E XESÚS

Polas casualidades urbanísticas,
fásteme de cristal case incendiado
e espreguizaste en torres sobre pube
suave e misterioso.

Na entrada da calella de Xerusalén, mesmo á beira da igrexa de San Miguel dos Agros, debúxase unha silueta baixa e barbada. Ergue unha man para reclamar atención. Ao facerse de novo silencio, escoitamos ler unha voz que tenta imitar a de Carlos Casares:

VOZ

“... don Francisco Esteban foi fundador dunha loxia chamada do “Gran Arquitecto”, en Compostela, pasada a primeira metade do século XVIII. Don Francisco Esteban, di Mucio, tiña da masonería unha idea entre beata e parva, con confusións importantes e cruzamento de creencias relixiosas, devoción pola maxia e prácticas espiritistas, polo cal tivo problemas cos seus oponentes da observancia inglesa (Esteban tiraba máis pola rama alemana), deístas e serios, integrados na loxia ‘La Razón’, que o acusaban de charlatán e irresponsable.”

Deixámonos ir e, sen transición ningunha, entramos no espazo escenográfico doutra praza, a de San Martiño. As escaleiras de varandas abrazan un escenario de pedra, profundo, ao nivel da entrada da igrexa renacentista; convida a representar. Espallámonos pola escadaría para componse no ritmo sinuoso de chanzos e balaústres unha atmosfera de intimidade escénica que lle acaia á obra *Un hotel de primeira sobre o río*, de Xohana Torres:

DANIEL.- Os estranxeiros siguen coa teima de edificar eiquí un hotel.

RUTH.- Sei do que se trata. (*A falar con ela mesma.*) Esta xiada dilixente laia nos dedos. Haberá que facer un bon lume.

DANIEL.- Si, que pola fresca nótase xa o adiantar do outono (*Segue a conversa.*) Estarán a chegar.

(*Ruth esculca diante da fiestra aberta.*)

DANIEL.- Din que pagan o que se lles pida.

RUTH.- E pagarán.

DANIEL.- Os de Amorós venderon. Queren poñer negocio na cidade, unha tenda ou algo así.

RUTH.- (*Sin voltarse.*) Supermercado.

DANIEL.- Si, un supermercado.

Desfaise a composición escénica. Mudamos de sitio. Cesáreo Sánchez Iglesias recita dende a soleira da porta da igrexa:

Pinario.

Na pedra iluminaste. Camiño sen avanzar. Fala cos seus primeiros brillos, a harmoniosa voz do tempo. No retábulo as douradas sombras barrocas, accesas ao visíbel.

Dime as palabras que me viven como ten vivido este día, este desexo de nada que non sexa a palabra mesma.

A comitiva ponse outra volta en marcha. Os actores, talvez dirixidos por Xan Cejudo, únense a ela. Mentres tanto, escoitamos a Alfredo Conde:

“Encamiñanse dereitos á praza de San Martiño e entran nas casas do Conde de Monterrei, onde o Tribunal do Santo Oficio ten a súa sé: fano pola porta que dá á rúa da Porta da Pena e fai esquina coa praza do Santo Pinario; é a entrada principal.”

Na rúa da Troia, quizais nun simbólico acto de rebeldía xeracional, a mocidade afástase do cortexo literario e ocupa o ancho da rúa e mais a entrada á canella das Campás de San Xoán. Sóbense a cadeiras e mesas, axitan no ar chapeus e prendas de roupa a xeito de bandeiras; berran, cantan, aturuxan. Lupe Gómez, Ana Romaní, Yolanda Castaño, Estevo Creus, Antía Otero, Olalla Cociña, Carlos Negro, María do Cebreiro, etc., salientan á fronte dun grupo numeroso de escritores mozos.

LUPE GÓMEZ

Ninguén
me calma.

MARÍA LADO

tanta literatura e nós
tropelando botóns e corchetes.

CARLOS NEGRO

e a luz aquela
era un fío de lume
do arco novo da vella

YOLANDA CASTAÑO

O meu crime é o crime despiadado de frecharme na utopía.

ANA ROMANÍ

E a túa voz
colgada dos limoeiros
pinga a pinga
na greta
do amor

RAFA VILLAR

dáme un nome
para o paraíso

MARÍA DO CEBREIRO

No entroido vou xantar lacan con grelos.

YOLANDA

Estamos
pingando aínda.

LUPE

Non me chames esfinxe...

ESTEVO CREUS

no silencio
es para min
como un álbum de fotos

MARÍA

Alguén manchou as páxinas espidas...

ANA

Os lagartos vírona pasar

CARLOS

e naceran laranxeiras novas

Pola Troia, unha vez fique franca, desembocamos no alto da Acibechería, xa case en Cervantes. Recíbemos Xesús Couceiro, vestido de libreiro maior. Saúdanos cuns versos de Eduardo Pondal:

-Sempre ía pensando nela,
naquela doce rapaza,
que era filla de Santiago,
branca garrida, e fidalga.

Coa solemnidade ritual propia dunha traxedia antiga, arrodeamos a fonte que homenaxea cun busto pétreo o autor do Quixote. O corifeo sobe á fonte e dirixe o recitado coral dunha cantiga de Xohán Airas:

CORIFEO:

Pelo souto de Crecente...

CORO

Pelo souto de Crecente
unha pastor vi andar
mouito alongada da xente,
alçando a voz a cantar,
apertándose na saia,
quando saía la raia
do sol nas ribas do Sar.

Rodeamos a igrexa de san Bieito. Nunha casa abandonada (ou noutra deste cantón), segundo reza unha placa de bronce, viviu Manuel Murguía. O noso presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias, cóbrese cunha chistera negra e lenos o seguinte parágrafo, debido á pluma do egrexio dirixente rexionalista:

Nelas (nas páxinas do libro da nosa historia) aprenderán os nosos fillos canto os vellos fixeron polos seus. Cando menos, verán como está alí escrito con letras de sangue, e espresado o inmortal desexo que nos animou para chegar ó que chegamos neste momento, e levar adiante as nosas reivindicacións.

Rúa do Preguntoiro abaixo, chegamos decontado a unha pequena travesa, á man dereita; por ela alcanzamos a rúa de San Paio de Antealtares. Sae ao noso encontro un home que se parece a Orestes. Saúdanos cuns versos de Álvaro Cunqueiro:

Molla os ollos na sombra.
Espéllate a ti mesma.

Xeme, treme. É o brinco da luz.

En dúas alancadas, acadamos a praza de Feixoo, de onde parte costenta a rúa da Conga. Xusto na primeira casa, á esquerda, residiu algún tempo Rosalía de Castro. Alguén comeza unha canción coñecida con letra da cantora. Acabamos cantándoa todos.

Subimos ao Preguntoiro, onde Borobó, en tempos escuros, no xornal vespertino *La Noche*, que dirixiu ao mesmo tempo que *El Correo Gallego*, forxou unha xeración de escritores. Alén dos colaboradores destes medios, que sería interminábel citar, cómpre que refiramos algún xornalista que neles traballou, tal como o novelista Xosé Fernández Ferreiro. Hoxe en día, os escritores mozos dispoñen das páxinas de *Galicia Hoxe*, xornal escrito enteiramente en galego. Antón Lopo, responsábel de temas literarios, saúdanos dende a soleira da porta.

LOPO

Cando a paixón cesa
e o amor se tinxe de latitudes
e deserto,
O corazón é só un músculo.
Os amantes, cirurxiáns.

Mentres Alicia García aproveita para gravar canto lle parece de interese para o seu programa en Radio Obradoiro, “O sombreiro de Merlín”, o seu principal colaborador, Guillermo Coen, lenos un parágrafo de *A calor dun niño*:

GUILLERME COEN

Tiago e Gil saíron ao frío da rúa de Castrón de Ouro para enfrontárense á noite regañada, camiño de volta á casa. O río Sar viña envolto nunha néboa fría (...) A paisaxe de Santiago de Compostela era unha mourenza friorenta de outono sen estrelas, que apouvigaba a noite cun vento constante que deixaba as rúas sen xente. O ceo seguía frío de máis, pero moi húmido, e ameazaba con choiva a calquera momento.

Ao final do Preguntoiro, collemos á esquerda, pola rúa do Castro. Mesmo ao pé da estatua de Afonso II o Casto, agárdanos Suso de Toro, quizais porque garda deste lugar querenzas saudosas da infancia.

SUSO DE TORO

Puidera ser que un arquitecto chamado Dédalo se namorase un día da raíña. Que o rei fose informado deste amorsen sido por unha doncelada raíña, e que este, disimulando os ciúmes e a xenreira, lle encargase ao arquitecto que lle construíse un labirinto do que ninguén puidese saír.

Luís G. Tosar recita dende un recanto de Entrepraciñas:

Santiago é un rostro sorrindo
na máxica bóveda das estrelas.

Chega Rosa Aneiros. Vén da parte de San Fiz de Solovios. Cóntanos:

No restaurante coñecín a Lurdes. Eramos novas, unha presa de axóuxeres naquelas noites estrelecidas de copas, sardiñas e verbenas nos adros das igrexas. Luer sempre quixo ser cantante de orquestra e, por iso, ao pechamos o local, devorabamos quilómetros na procura das festas máis próximas.

Avanzamos un pequeno treito e xa chegamos á praza da Universidade. Ricardo Carvalho Calero, ou alguén que lle imita moito, declama dende o alto da escalinata da Facultade de Xeografía e Historia:

CARVALLO CALERO 1

Ólleme no seu cadro. Son verdadeiramente Orfeo. Transfiguroume. Aí son un meigo, un heroi, un mito. Son sereo, poderoso, frío: son un deus.

CARVALHO CALERO 2

¡Un cabaleiro de agradable fasquía! ¡Eso quería pintar! Olle vostede a crueldade desa boca, a ironía desa ollada: pintou un monstro. Xa mo temía. Ese retrato está pintado con carraxe. ¡Non cabe dúbida de que é unha obra valente! Cada pincelada que daba na tea era un golpe que...

Fronte por fronte da Facultade, atópase o edificio do ILG (Instituto Galego da Lingua). Unha gran placa de mármore branco na parte esquerda da fachada, sinala que esa a casa natal de Antonio López Ferreiro, cóengo e historiador, fillo predilecto de Compostela.

Algún escritor considera ese recuncho axeitado para dar lectura a un parágrafo da autoría de Anxo Rei Ballesteros:

Daniel Mejuto, permíteme que cho presente, antifranquista e enticlerical, como xa eu viñera, dende o principio, sospeitando. (Non sei se exactamente anticristián, pero si moi, ou bastante, anticlerical). E, amais diso, melómano: entusiasmábao a ópera. Nun periódico de Santiago dedicábase a facer as críticas de teatro (cando o había) e mais de cine. Sensible, o fulano, ufl, nin te podes imaxinar.

Logo dun curto silencio, Úrsula Heinze trasládanos ao mundo xuvenil:

Axiña se formaron no patio os grupiños de tódolos días. Algunhas rindo, outras bisbillotando en voz baixa e coas cabezas case tocándose, atopábanse varias rapazas de quinto nun anco. Alí, polo menos, non lles iría dar ningunha pelota lanzada polos rapaces, que brincaban por todas partes xogando ó fútbol.

Unha canella sen nome comunica esta praza coa rúa da Caldeirería. Permítemos ver enmarcada a casa que leva o número 50, onde no segundo andar morou uns corenta anos o poeta e narrador Salvador García-Bodaño. Dende o balcón recítanos el mesmo un poema de *Tempo de Compostela*:

Compostela é unha rúa longa
na memoria
onde vagan os nomes
e as horas

que cada quen recorda...

Tempo de eternidade nas sombras
case vougas
a caer polos días
e as cousas
maino como unha choiva.

Por diante do restaurante ‘Asesino’, e da igrexa da Universidade, entramos na contigua praza de Mazarelos. Concentrámonos ao pé do monumento a Montero Ríos. Dícímoslle no vello trobar de Airas Nunes:

Porque no mundo mengou a verdade
puñei un día de a ir buscar,
e ú por ela fui preguntar
diseron todos: -Allur la buscade,
ca de tal guisa se foi a perder
que non podemos en novas haber,
nen xa non anda na irmaidade.

Non tarda en chegar Marilar Aleixandre polo Tránsito dos Gramáticos. Fálalles ás arbores, pero quen sabe a quen se dirixe.

MARILAR
plataneiros con p de prender
con p de pólvora e pincel
falsos como ningunha árbore
que levan na codia mapas
de promesas incumplidas

Xaquín del Valle-Inclán, que entra polo arco de Mazarelos, refírenos:

Que había en Smara? É difícil, moito máis dende o presente, dicir que isto ou aquilo, pero algo real e tanxible arredaba as caravanas. Día ou noite ninguén se arriscaba a camiñar dentro das súas murallas; con présa, camelos e homes bebían nos pozos máis alonxados, bufando inquedados, facendo a figa.

En Cardeal Payá, na primeira casa, á esquerda, pódese ler nunha placa de granito que alí, cando houbo un hotel, se hospedou Ernest Hemingway, e mais que nesa casa residiu Gonzalo Torrente Ballester. Curioso emparellamento. Os colegas admiradores do escritor norteamericano ceiban ao unísono un saudoso suspiro. Outros preguntan co seu silencio onde é que se aloxaron outros moitos insignes escritores que visitaron a cidade. Onde é que residiron outros moitos escritores do sistema literario de noso? A memoria literaria segue a ser tamén discriminatoria. Confirmao David Otero, que nos sae ó paso:

Hoxe triste, Moncho, o rapaz merecente de estar en tódolos espazos de publicidade de tódalas televisións, mira como nós imos camiño de Compostela.

Seguimos a andaina. Chegamos á confluencia de Caldeirería con Orfas. Pola primeira baixa Bernardino Graña, que lle ven recitando ás xentes:

¡Canto pulou a rosa ata soerguerse,
firmemente, a rimar co abrir da risa,
blanquísima na festa dunha ollada,
ata o solpor talvez, para, en silencio,
perder recendo e pétalas, caírse
como se vai caíndo unha lembranza!

Sobe Orfas arriba Benxamín Vázquez. Chega cabo de nós e escolle unha páxina de *Cando soñar é canso*. Le.

A cidade vestía xa as cores melancólicas do Nadal. Nas rúa resoaban incesantes as panxoliñas de sempre. Ía frío e a xente andaba sen ledicia, co sorriso conxelado. Eran as dez da mañá. Dispuñamos de dúas horas escasas para face-las compras propias do tempo. No *súper* do Toural, Mateo mercou tres centolas da ría para o frigorífico...

Por Tras de Salomé atallamos á Rúa Nova. Atopámonos con Margarita Ledo, que disque vai ó Teatro Principal a presentar *Santa (pronunciado) Liberdade*. Antes de marchar salmodia unhas liñas de *Mamá-Fe* de memoria:

Unha porta, das coñecidas como italiana, daba á biblioteca. O convidado, nun aceno de autoconfianza, érguese para ver. Comenta, sagaz, a presenza arcaica dunha espinela ó fondo, en ángulo coas dúas paredes que cobren as edicións encorsetadas de algúns milleiros de libros. Mal supoñía o tesouro que amparaba aquel triángulo de estanterías o artefacto musical.

De súpeto escoitamos berrar:

Son unha pantasma do XIX!

Ollamos cara a atrás: é Otero Pedrayo, o mesmísimo don Ramón Otero Pedrayo. Sae da casa do antigo hotel España, onde parou nos tempos en que exerceu cátedra na Universidade. Achegámonos a el. O pórtico da igrexa de Salomé fai de pano de fondo. Otero dinos cun sostido xesto de habelencioso orador:

OTERO PEDRAYO

Pisade con amor as grises lousas,
na penedosa entrana agroman lirios,
frol da pel sensitiva que noutrora
palideceu ca inmorredoira arela.

De súpeto, do Salón Teatro, sae arrebolado un chapeu grisallo. Cólleo nun chimpó un rapaz alto e esguízaro. Sérvese del con boas mañas para interpretar el só os tres personaxes do seguinte anaco de *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño:

GOLIAT

Viu, Tío Sam, deina enteira.

O TÍO SAM

Xa che dicía eu que todo se aprende co tempo.

O SINATRA

Acabouse a película. Tiña razón, Tío Sam. Era ben boa. Que cabrón o Marlon Brando ese! A putada é tela que ver en branco e negro!

O TÍO SAM

Sí, porque ser era en cores. Polo menos cando eu a vin en América.

A rúa Nova desemboca na de Xelmírez, xusto fronte á casa número 15, onde residiu no 4º andar, durante 40 anos, Ramón Piñeiro. A súa famosa mesa braseira foi testemuña da evolución do galeguismo na segunda metade do século XX. Alguén que se lle imita asoma á galería e debuxa no ar medidos acenos:

De aí resulta que o noso despregamento existencial ten varias dimensións, e dúas delas son: a realidade singular, única, do noso ser individual, e a realidade social, comunal, que asimilamos ó noso ser a través da cultura. A saudade e a sociedade veñen sendo, xa que logo, dúas dimensións do noso ser.

Subimos por unha travesa sen nome ata a Conga e por ela accedemos á praza da Quintana. O primeiro que debeu avistar Uxío Novoneyra cando veu para Compostela foi a torre do reloxo.

Cando soa a Berenguela

Fala soa Compostela ela ela ela ela.

Cando a Berenguela soa soa soa soa soa

Compostela fala soa.

Fala soa Compostela.

Non son iles fala ela ela ela ela ela.

Mesmo lle podemos facer coro. Mais non a Federico García Lorca, que a lúa que el viu danzar faino soa.

Sí, a lúa, a lúa

coronada de toxos, que baila, e baila, e baila

na Quintana dos mortos.

Entre outras moitas palabras da nosa antiga fala, ecoaron nesta praza as de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, cando foi estreada en Galicia (hai medio século) a súa farsa de caretas, *Os vellos non deben de namorarse*, baixo a dirección de Rodolfo López-Veiga. Escoitemos como soan:

PIMPINELA

Non!

A NAI

Ai, meu caravel de cera! Ai, como te deixaches rular por un pito cairo! Ai de ti, se non te coutas! Andarás sempre co corazón enloitado, sen pan no forno, sen lume na lareira, sen estrume na corte. Mirrada de frío e chuchada de fame.

O PAI

Faille caso a túa nai, Pimpinela!

PIMPINELA

Non!

A NAI

(...) Deixarás de ser mazán e cereixa. Trocaraste nun figo merado. Coberta de remendos, torrada pola raxeira, a fuxires dos espellos para non verte. En troques...

O PAI

En troques, se lle pos cara ao señor Fuco...

PIMPINELA

Non!!

Numerosas obras dramáticas foron representadas nesta praza, varias dirixidas por Agustín Magán (sen dúbida, quen mellor aproveitou as calidades escenográficas, tanto da parte baixa –a de mortos– como da alta –a de vivos–, así como da escalinata que une ambas) e algunha da súa autoría (*Mesmo semellaban bruxas*). Dende a Quintana de Vivos, na parte alta da praza, arrodeamos a catedral, por diante da fachada norte (a da Acibechería) e por debaixo da arcada-túnel do palacio arcebispal, até chegar á praza do Obradoiro.

Xelmírez ou *A gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, semella a obra mellor acaída para lembrar no interior (ou, en todo caso, no exterior) do palacio do primeiro arcebispo de Santiago a política clerical de aqueles tempos. Talvez *Pico*, se consegue vestirse de purpurado, sexa o mellor actor para lle prestar corpo e voz ao poderoso personaxe medieval.

XELMÍREZ

(...) Ise aragonés leva cornos *a priori* e teraos tamén *a posteriori*. Eiquí xuntáronse as ardencias de dona Urraca co medo dos casteláns aos almorávides... Necesitan un rei loitador coma Alfonso el Batallador e que ademais compense o peso político de Galiza... Contra nós veñen, maordomo, e temos unha arma boa para cando conveña!

Isaac Díaz Pardo, o noso arcebispo laico, que naceu uns metros máis abaixo, na rúa das Hortas, sobe pola costa do Cristo e fainos chegar un papel cunhas liñas dunha das súas recentes *Crónicas inconformistas*:

Foron os galeguistas os que lle deron nome a este día (o de Galiza), porque eles tiñan conciencia do que significaba Santiago cando na época medieval os dominios de Galiza chegaban até o Mondego e Santiago, herdeiro dun ancestro que vai no cristianismo, era a capital desta nación, esnaquizada por intereses familiares.

En torno a esta magna praza (Hotel, Consello da Cultura Galega, Fonseca...), téñense celebrados numerosos actos literarios ou encontros entre escritores galegos e escritores do resto do mundo. Resulta imposible agora nomealos todos, aínda que non podemos eludir a responsabilidade de deixar constancia da presenza dalgúns, malia que a súa estada fose efémera: Jorge Amado, Derek Walcott, Rafael Alberti, Juan José Millás, Alfonso Sastre, Gonzalo Suárez, Alonso Zamora Vicente, Miguel de Unamuno, Joan Perucho, Nélida Piñón, Francisco Nieva, Vargas Llosa, Cela, Torrente, Miguel Delibes, José Monleón, Ricardo Doménech, Ricard Salvat, Jordi Coca, Xavier Fábregas, Jorge Luis Borges, Carlos Fuentes, Gabriel García Márquez, Ernesto Sábato, José Saramago... De ningún deles, que se saiba, ficou constancia escrita na eternidade da pedra ou do metal da súa estancia en Compostela. A que se debe tal agravio?

Cruzamos a praza en diagonal; está “fermosa e fulxente”, tal e como a soñou Rosa Méndez Fonte. Cando pasamos por diante de San Xerome, sede da reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, páranos unha voz. É a de Anxo Tarrío, que ven polo vello Inferniño arriba. Di nada máis chegar cabo de nós:

Entre as (poucas) cousas que paga a pena facer na vida, figura para min o ceibe deambular, nun día soleado e limpo, polas rúas e arrabaldos de Compostela, sen outro obxectivo que se deixar ir polo impulso alegre e non programado das propias pernas, pasmando e prendendo, se queres, nas moitas silveiras humanas que un pode atoparse (...)

Seguimos abeirando a Catedral. Torcemos pola rúa de Fonseca. Unha placa de metal (agora si: tomemos exemplo) sinala a casa onde o gravador, pintor e escritor Luís Seoane residiu arredor do ano 30, cando estudante. Lemos a coro a estrofa dun poema de *Nábrétema Sant-Iago*:

A esos estudantes de pousadas probes
da rúa de San Pedro,
do campo do Galo, da rúa das Hortas,
de bairros probes, de aldeas probes,
de pais probes,
estudantes de “pan e sardiña”,
con libros amostrándose polos petos deformados
dos vellos abrigos con lixaduras,
tíñanos matado ao abrente
á beira dos camiños.
Un preto can vagamundo os velaba.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

Continuamos cara a Praterías. Atrás deixamos, no comezo do Franco, a delegación do Centro Superior de Investigacións Científicas, biblioteca do Instituto Padre Sarmiento ata hai algúns anos, e que ocupou polas bravas na posguerra o lugar do disolto Seminario de Estudos Galegos. Nel ingresara, entre outros moitos, Rafael Dieste coa lectura da comedia *A fiesta valdeira*. Cómpre lembralo.

Torcemos pola rúa do Vilar e, case sen decatarnos, xa nos atopamos ao pé do edificio onde estivo o taller da editorial Nós, que dirixiu Anxo Casal. Un texto de Inma López Silva, tirado de *Memoria de cidades sen luz*, lido por ela mesma, serve para que non esquezamos que foi asasinado porque “fixo por Galiza máis ca todos nós”, en palabras de Castelao, que podemos ler en letras de bronce espetadas alí no penal de cantaría.

INMA LOPEZ SILVA

Aquel país era xa outra cousa na que nin sequera había rastro dos (...) asasinados. Non atopaba aqueles cos que quería render contas (...) E os que mataron a Casal sentaban nas cadeiras dos que mandaban e dos que impartían xustiza aquí e alá, coma se eles mesmos nunca empuñasen unha arma das que segan vidas.

Por detrás dunha columna, asoma a cabeza Fermín Bouza Álvarez:

No carreiro
é máis longo
o silencio.

Resoa potente a voz de Xosé Luís Méndez Ferrín:

...os dedos
da man, reconcentrados puños, eran
única esperanza diste gran silencio.
Eu olleinos pasar, ían ergueitos.

Adiántase Xavier Queipo:

Unha noite chegaron os de sempre,
armados con luminarias e estandartes.

Xira Marta Dacosta:

Como te chora o vento.

Sae do cortexo Arcadio López Casanova:

Como un berro na noite do exilio,

(CORO)
-quen vai;

como un cego nos ollos do exilio,

(CORO)
-quén vai;

como un prego na ponte do exilio,

(CORO)
quén cai...?

Xesús Manuel Valcárcel berra dende un curruncho:

Sairéi á rúa,
collerei a miña parte,
loitarei.

E di Bieito Iglesias:

...lixada de po de linguas mortas,
mareira de sol meridional
espellado nas cúpulas de ouro.

A voz de Paulino Vázquez óuve-se de seguido:

Algo se resiste a ser esquecido: a imaxe
dun espello está desgastada, agardando por nós.
Algo comeza a ser presente e a un tempo, irreversible.
Algo persiste. E nos acaba.

Avanza Helena de Carlos:

Por veces a alianza co tempo
É o máis firme dos valados.

MARTA DACOSTA

Cando pasei onte baixo o sol das paredes
as gárgolas falaban...

E chouta Rosa Méndez Fonte:

Roubáchesme o mar enteiro...

E Xulio López Valcárcel:

Onde calor e amor reino tiveron
Ausencia deixa paxaros mortos,
nós de noxo na garganta.

A sombra de Manuel María (que consideraba Santiago de Galicia “alma do mundo”) é suplantada por algún poeta que lle presta a voz:

... campanas de Compostela que chorades
no reflexo da sombra aluarada.

FERMÍN BOUZA ÁLVAREZ

Sei do vento
do sur, o vento que trae areas
do deserto e pula
por entrar na cidade.

Pasamos por diante do café Casino, onde arestora teñen lugar de cando en vez actos literarios. Xusto a carón, porta con porta, atópase a casa onde estivo o café Español, que acolleu un dos faladoiros máis famosos da posguerra. Ríu Barja, García Sabell, Antón Fraguas, Varela Jácome, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo ou Carlos Maside formaron o núcleo de asistentes máis asiduos (tampouco aquí hai placa que garde memoria).

Xosé Luís Méndez Ferrín recreou literariamente outros faladoiros de moi diferente signo que alí tiñan lugar:

Nun intre, erguérase Abelardo do velador do Café Español, abandonando a tertulia que se ía esfarelando pola deserción dos “liberais”, que invadían, ledos, os fondos do local onde integraban partidas estridentes de chamelo ou garrafina sobor dos taboleiros de mármore.

Na casa contigua, número 41, morou Rosalía de Castro algún tempo. Faino saber Xavier Carro, acabado de chegar de Alacante, que le seguidamente:

Cando fai bo tempo, vou pola Ferradura, séntome nun banco e vexo aos meniños xogar, aos noivos agarimarse e escoito o rechouchío dos paxaros. Non o sei, pódoche decir que sinto unha terrible soedade como se me quedara moi pouco para estar ás mesmas portas do..., camiño pola Rúa do Vilar e vou á Quintana, brocal onde calquer mencer se molla no silencio das súas esquinas, e alí soño e vivo.

Xusto na casa seguinte, a número 43 (tampouco aquí hai placa), residiu Fermín Bouza-Brey, máximo estudoso de Rosalía. Un actor, ao abrigo dos soportais, recita ou canta:

Din que recendeu a rosa
Rosa que non recendía

E chegamos á praza do Toural, final do roteiro. Música. En fronte a Bendaña (Fundación Granell) hai disposto un globo de papel, cos textos empregados no percorrido impresos. Céibano e axiña colle altura. Unha voz despídeo con versos de Bouza Brey:

A balandra dos “Ultreya”
Leva os corazóns por vela;
Navega cara o Futuro...
¡Toda Galiza vai n-ela!

TODOS
Toda Galiza vai nela!
Toda Galiza vai nela!
Toda Galiza vai nela...!